

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa estrutural a fogares

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza este luns, día 24 de maio, o proceso de recollida de información en máis de 9.200 vivendas para a próxima edición anual da Enquisa estrutural a fogares, que finalizará no mes de agosto e cuxos resultados estarán listos en decembro.

Esta enquisa, de carácter oficial, está incluída na Lei do Plan galego de estatística 2017-2021 e estase a realizar desde o ano 1999. O seu obxectivo principal é o estudo das características socioeconómicas e as condicións de vida dos fogares galegos.

O traballo de campo consistirá na recollida de información sobre unha mostra aleatoria de 9.216 fogares repartidos por toda Galicia. Ás persoas entrevistadas realizaránselles preguntas relativas á idade, nivel de estudos, situación laboral, ingresos e gastos do fogar e privación material.

Ademais, este ano inclúese no cuestionario un módulo específico no que se investigará o impacto provocado pola pandemia da COVID-19 na situación económica, no traballo e nas relacións familiares e sociais dos fogares galegos.

Confidencialidade

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará ás persoas interesadas a obriga que teñen de facilitar os datos, tal e como establece a Lei de estatística de Galicia, normativa que, por outra parte, garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE.

En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

Medidas preventivas para as entrevistas presenciais

O persoal enquisador seguirá as seguintes medidas preventivas para asegurar a máxima protección en materia de saúde pública fronte ao COVID-19 nas entrevistas presenciais:

Suspenderá a súa xornada de traballo se a súa temperatura corporal é superior aos 37°C ou se presenta algún síntoma compatible coa enfermidade.

Extremará as medidas de hixiene respiratoria como, ao tusir, cubrir a boca cun pano dun só uso ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evitará tocar os ollos, o nariz ou a boca.

Manterá unha adecuada e frecuente hixiene das mans, para o que disporá dun bote de xel hidroalcohólico para facer uso del antes de empezar a entrevista. Se o persoal enquisador ten alerxia aos hidroxelos, entón usará luvas de plástico dun só uso.

Usará obrigatoriamente máscara.

Todas estas medidas están supeditadas aos cambios que poidan producirse na lexislación vixente no momento de realizar a entrevista presencial.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 981 541 323
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>